



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BETANZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN

EXPEDIENTE: 2025/E001/000009

ACTA CONTESTACIÓN ALEGACIÓNS SEGUNDO EXAME E CONVOCATORIA CELGA

En data 27 de agosto de 2026 e sendo as 10:00 horas, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BETANZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN baixo a presidencia de Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Mercedes Casanova Díaz. Persoal laboral fixo do Consorcio das Mariñas e Juan Carlos Prados Moreno. Persoal laboral fixo do Concello de Betanzos, actuando como secretario Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos, quen dá fe do acto.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

1. Con data de 12 de agosto de 2026, a aspirante Dña. Gloria Muñoz Ávila (código PS 005) presentou escrito de alegacións na sede electrónica municipal contra a puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición (Casos Prácticos), solicitando a revisión da cualificación do Suposto Práctico 2 (en particular da Pregunta 2) ao considerar que realizara unha argumentación orientada á atención integral desde o modelo biopsicosocial e mencionando programas específicos.
2. O Tribunal Cualificador, no exercicio da súa discrecionalidade técnica e tras proceder á relectura e análise detallada do exercicio manuscrito da aspirante á luz dos criterios oficiais de corrección, reuniuse para emitir o correspondente informe de resolución.

II. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

O Tribunal Cualificador acorda a **DESESTIMACIÓN** da alegación presentada con base nas seguintes motivacións técnicas constatadas no exame da opositora:

1. Respecto do Suposto Práctico 1:

- Considéranse correctas as puntualizacións técnicas indicadas na ficha de avaliación.
- A aspirante **non establece un protocolo estruturado de actuación** no primeiro suposto nin incide nunha metodoloxía concreta para acadar os obxectivos de intervención, os cales tampouco se atopan debidamente concretados no desenvolvemento do exercicio.
- **Non profundiza na comunicación e colaboración necesaria co contorno escolar** (IES/centro educativo) para abordar a situación de absentismo e os indicios de acoso escolar planteados de forma sistemática.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

2. Respecto do Suposto Práctico 2 (Pregunta 2):

- No segundo caso, a aspirante **queda en cuestións xenéricas** e limitase a describir máis que a estruturar unha intervención técnica concreta e aplicable.
- Nomea diversos recursos (a maioría de carácter externo ou supramunicipal) coos que se podería contar, pero **tampouco os estrutura metodolóxica nin operacionalmente** no marco dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.
- **Omite de forma expresa o programa "Betanzos Acompáñate"**, recurso municipal de referencia para a prevención da soidade non desexada e o acompañamento comunitario no Concello de Betanzos, directamente vinculado á casuística exposta.

III. ACORDO DO TRIBUNAL

Por todo o exposto, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

ÚNICO.- DESESTIMAR a alegación presentada por Dña. Gloria Muñoz Ávila (PS 005) e **CONFIRMAR** en todos os seus termos a cualificación outorgada no segundo exercicio da fase de oposición:

- **Suposto Práctico 1:** 3,00 / 10,00 pts
- **Suposto Práctico 2:** 2,00 / 10,00 pts
- **CUALIFICACIÓN FINAL GLOBAL:** 5,00 / 10,00 pts

O tribunal achega copia do documento de corrección como motivación a maiores do indicado.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOTAS DEFINITIVAS E CONVOCATORIA CELGA 4

Por medio deste acto o Tribunal eleva a definitivas as notas e acorda convocar á aspirante Xenia Perera Sokolova, con NIF *1847** para que realice o exame acreditativo do nivel de galego equivalente ao Celga 4 o próximo venres 4 de setembro ás 11h no Salón Azul do Edificio Liceo do Concello de Betanzos (Pza. De Galicia Nº1, 15300, Betanzos).**

Para a realización deste exame contarase ca asistencia da asesora especialista Natalia Sánchez Fernández, normalizadora lingüística do Concello de Betanzos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 13:05 horas o presidente da por rematada a sesión do tribunal, todo do que eu secretario dou fe.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

